

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se publica a Resolución do 9 de maio de 2019 das axudas convocadas pola Orde do 28 de decembro de 2018 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Mediante a Orde do 28 de decembro de 2018 (DOG núm. 22, do 31 de xaneiro de 2019) da Consellería de Política Social publicáronse as bases reguladoras das axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

De conformidade co artigo 13 da antedita orde, a resolución dos expedientes de axuda, logo da fiscalización da proposta facendo uso das competencias conferidas no artigo 7.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, correspóndelle á directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social.

Así mesmo, o artigo 14 da mesma orde, establece que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entre outras, as correspondentes resolucións. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 9 de maio de 2019, ditada no procedemento BS420A, de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social que se xunta á presente resolución no anexo.

Segundo. Comunicar que a resolución do 9 maio de 2019 que finaliza este procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de



reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de 10 días computado a partir do día seguinte da publicación para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2019

María Amparo González Méndez
Directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO

Resolución do 9 de maio de 2019 ditada no procedemento BS420A de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Vista a proposta de resolución da Subdirección Xeral de Demografía e Conciliación de conformidade co disposto no artigo 10 da Orde do 28 de decembro de 2018, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder ás entidades que se relacionan no anexo I as axudas convocadas na dita orde de convocatoria con base nos artigos 3 e 4 e como consecuencia da aplicación dos criterios de valoración previstos no artigo 12 das bases reguladoras, por un importe total de 3.460.152,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.3.

As axudas concedidas condicionaranse ao cumprimento de todas as obrigas establecidas na Orde do 28 de decembro de 2018 e, especialmente, ás establecidas no artigo 17.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co establecido no artigo 18 da convocatoria.

CVE-DOG: ih12dgk9-8cv6-hp38-pip8-otqxxcejhuz2



Así mesmo, o pagamento das axudas realizáranse de acordo co previsto no artigo 19 da mesma convocatoria.

Segundo. Relacionar no anexo II as solicitudes que non poden ser atendidas por terse esgotado o crédito orzamentario e que quedan en reserva para ser atendidas no caso de que quedase crédito libre, ben por producirse algunha renuncia ou ben por incremento de crédito orzamentario destinado a esta subvención, sempre que como consecuencia desta circunstancia se teña liberado crédito suficiente para a correspondente concesión.

Terceiro. Denegar e/ou inadmitir as solicitudes que se relacionan no anexo III, con indicación da causa concreta que motivou a denegación ou inadmisión.

Cuarto. Esta resolución que finaliza o procedemento esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

A conselleira de Política Social
P.D. (Artigo 13 da Orde do 27.6.2018; DOG núm. 131, do 10.7.2018)
M^a Amparo González Méndez
Directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

ANEXO I

Axudas concedidas

Solicitante					Total axuda
Escola Infantil			Entidade		
Nº exp.	Nome	CIF	Nome	Concello	
16	El Didascalio Niño Jesús	G15390636	Fundación Raiola	Betanzos	78.316,00€
5	El Escolas Populares Gratuitas	G15043771	Fundación Escolas Populares Gratuitas	Coruña, A	92.150,00 €
1	El Jorge Juan Perlío	F15130958	Colexio Jorge Juan Perlío S.C.G.	Fene	41.014,00 €
23	El ABC	F15471956	ABC Sociedade Cooperativa Galega	Ferrol	78.316,00 €
7	El Aloha	G15867153	Asociación Educativa Aloha	Ferrol	33.108,00 €

CVE-DOG: ih12dgk9-8cv6-hp38-pip8-otqxxcejhuz2



Solicitante					Total axuda
Escola Infantil			Entidade		
Nº exp.	Nome	CIF	Nome	Concello	
25	El Chip Chop	F70082987	El Chip Chop S. Coop. G.	Ferrol	78.316,00 €
8	El La Salle	R1500082A	Colexio La Salle Hnos EE Cristianas	Ferrol	78.316,00 €
10	El Ludy	F15696917	Colexio Ludy, S.C.G.	Ferrol	41.014,00 €
35	El Os Meniños	F15803497	Os Meniños Sociedade Cooperativa Galega	Ferrol	41.014,00 €
40/2	El San Rosendo	G70458393	Asociación Educativa Cativos	Ferrol	78.316,00 €
34	El Fany	F70281365	Dimafa, S.C.G.	Narón	61.521,00 €
6	El O Parque	G70489422	Asociación Socioeducativa O Parque	Porto do Son	41.014,00 €
22	El Casa do Neno	R1500056E	Patronato Casa do Neno	Santiago de C.	117.474,00 €
43	El Cativos de Conxo	G70569710	Asociación Educativa Conxo	Santiago de C.	21.161,38 €
40/1	El Cativos Restollal	G70458393	Asociación Educativa Cativos	Santiago de C.	61.251,00 €
29	El Rubido Romero	G70398094	Asociación Educativa Antares	Santiago de C.	78.316,00 €
39	El San Pelayo	R1500028D	MM Benedictinas	Santiago de C.	16.554,00 €
41	El Xardín da Infancia Raiola	G15041601	APA Xardín Infancia Raiola	Santiago de C.	61.521,00 €
21	El X I Santa Marta	G15041478	APA Xardín Infancia Santa Marta	Santiago de C.	41.014,00 €
38	El Bugs Bunny	G27251545	Asociación Psicopedagóxica Bugs Bunny	Sarria	41.014,00 €
2	El Pumuky	G27388412	Asociación Educativo-Social Pumuky	Sarria	41.014,00 €
20	El María Ana	F32022824	Sagrado Corazón de Celanova, S.C.G.	Celanova	41.014,00 €
15	El Nosa Sª de Fátima	R3200019B	HH Caridad San Vicente Paúl-Nª Sª de Fátima	Rúa, A	20.507,00 €
36/2	El Tranvía II	G36388734	Asociación Educativa Tranvía	Bueu	78.316,00 €
45	El San Fermín	R3600127I	Colexio San Fermín PP Somascos	Caldas Reis	20.507,00 €
4	El Eduardo Pondal	G94070497	Asociación Educativa Eduardo Pondal	Cangas	78.316,00 €
26	El Elfos	G36348431	Asociación Educativa Elfos	Estrada, A	41.014,00 €
13	El San José	R3600121B	Cogregación Misioneras María Mediadora	Gondomar	186.400,00 €
24	El Nosa Sª do Carme	R3600095H	FF da Caridade de San Vicente Paul	Grove, O	41.014,00 €
28	El Colexio PP Somascos	G47660345	Fundación Educere	Guarda, A	16.554,00 €
12	El Sonrisas y Lágrimas	R3600078D	HH de la Caridad de San Vicente Paul	Illa de Arousa	78.316,00 €
19/3	El Dalila Ponteporto 1	G36349363	Asociación Educativa Dalila	Marín	117.474,00 €
19/4	El Dalila Ponteporto 2	G36349363	Asociación Educativa Dalila	Marín	41.014,00 €



Solicitante					Total axuda
Escola Infantil			Entidade		
Nº exp.	Nome	CIF	Nome	Concello	
19/1	El Dalila Tiro Naval Janer	G36349363	Asociación Educativa Dalila	Marín	41.014,00 €
19/2	El Dalila Fragata Villa de Madrid	G36349363	Asociación Educativa Dalila	Moaña	78.316,00 €
19/5	El Dalila Reibón	G36349363	Asociación Educativa Dalila	Moaña	117.474,00 €
27	El Saíñas	G36595247	Asociación Educativa Monte Saíñas	Poio	117.474,00 €
37	El Pipo-Pontevedra	G36213718	Asociación GL Pipo	Pontevedra	117.474,00 €
18	El Abrente	G94062015	Asociación Iniciativa Social Abrente	Sanxenxo	97.895,00 €
14	El María Inmaculada	G36261899	Fundación Mª Seoane Colmeiro	Silleda	61.521,00 €
3	El Santiago Apóstol	G94062486	Asociación Educativa Santiago Apóstol	Soutomaior	149.120,00 €
32	El Angel de la Guarda	G36771459	Asociación Educativa Angel de la Guarda	Vigo	78.316,00 €
11	El Atalaia Cantabria	G36873990	APA Colexio Atalaia Cantabria	Vigo	117.474,00 €
30	Escola Infantil de Cáritas	R36003681	Cáritas Diocesana de Tui-Vigo	Vigo	78.316,00 €
17	El Panxoliñas	F27777630	Panxoliñas, S.C.G.	Vigo	59.074,51 €
9	El Pasiño a Pasiño	G36783553	Asociación Educativa Pasiño a Pasiño	Vigo	41.014,00 €
33	El San Nicolás	G36822567	Asociación Educativa San Nicolás	Vigo	204.159,11 €
31	El Santa Isabel	R0800086A	Congregación Siervas de la Pasión	Vigo	78.316,00 €
44	El Santo Tomé de Freixeiro	G36766574	Asociación G Santo Tomé de Freixeiro	Vigo	41.014,00 €

ANEXO II

Solicitudes en reserva

Nº exp.	Escola infantil	CIF	Entidade titular	Concello
42	El EDAI Río do Pozo	G15821499	Fundación Parque Científico Tecnolóxico Río do Pozo	Narón

ANEXO III

Solicitudes inadmitidas/denegadas

Nº exp.	Escola infantil	CIF	Entidade titular	Concello	Causa de inadmisión/denegación
46	El Arlequín	44488196D	Samanta Gil Paz	Ourense	Figura inscrita como entidade privada con ánimo de lucro
36/1	El Tranvía I	G36388734	Asociación Educativa Tranvía	Bueu	No momento da comprobación material do funcionamento do centro este estaba en situación de cese de actividades

